

BANDO

D. JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar en base a Orde do 1 de xullo de 2009, establece as bases reguladoras que rexerán a concesión de **AXUDAS INDIVIDUAIS, DE CARÁCTER NON PERIÓDICO, PARA PERSOAS MAIORES, PERSOAS CON DISCAPACIDADE E PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.**

- BENEFICIARIOS:

a) Persoas con 65 ou máis anos que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.

b) Persoas con discapacidade menores de 65 anos, afectados por unha minusvalía recoñecida cun grao igual ou superior ó 33% polo Equipo de Orientación e de Minusvalideces.

Que a axuda ou servizo que se solicita sexa derivado da súa discapacidade.

c) Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia polo órgano de valoración da dependencia nos graos III e II , niveis 1 e 2.

d) Persoas que teñan solicitado o recoñecemento da súa situación de dependencia con anterioridade á data de publicación desta convocatoria. Neste caso, o dereito á percepción da axuda quedará condicionada a que lles sexa recoñecida a situación de dependencia en calquera dos graos e niveis anteriores.

- DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- D.N.I. do solicitante e, se é o caso, do representante legal.
- Presuposto detallado do gasto que se vai a realizar.
- Certificación de convivencia.
- Se é o caso, calificación de minusvalidez.
- Se é o caso, recoñecemento do grao e nivel de dependencia.

PRAZO DE SOLICITUDES: Ata o 22 de agosto de 2009.

Para máis información e tramitación das axudas deberán acudir ás oficinas municipais do Concello, en horario de 9 a 13 horas **ata o 19 de Agosto.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Moraña, 22 de xullo de 2009.

O ALCALDE

ASDO.: JOSÉ A. EIRAS PAZ